


## Marina Mayoral

TAREIXA NAVAZA

**A**S mulleres agora, despois da represión milenaria, teñen voz propia. Aínda queda moito por facer. Pero a cuestión é que hai que conta-lo xeito de ser muller. Foi unha das respostas de Marina Mayoral a X. M. Dapena despois de recibí-lo premio «Fernández Latorre». Ela nos seus libros e artigos consegue expresa-los nosos atrancos, as nosas esperanzas e ilusións, os nosos desexos, as nosas carraxes, os nosos odios e amores... Endexamais esquece as súas raíces, a súa terra, o seu pobo, sen temor a ser alcumada de provinciana. Na súa obra pesa a galeguidade. Hai pouco falei con ela para unha entrevista que edita, no seu terceiro número, Andaina —revista galega de pensamento feminista— e mostrouse como un xunco: flexible pero firme. Cre que no panorama literario as mulleres teñen avanzado moito e pouco no tocante a nosa situación en xeral. Está convencida de que estamos a rachar con esa imaxe de insolidarias e enemigas, e que temos moito que facer para supera-la discriminación social. Os postos de traballo máis elevados sempre están en mans dos homes. Marina que se emociona e rebela perante as mulleres intelixentes ás que non se lle dan oportunidades, estou convencida que non está de acordo coas declaracións do Sr. Fraga, a unha revista madrileña, na que xustifica o acoso sexual con este razoamento: «hai que recoñecer que hai señoritas que van ó traballo con vestimentas pouco axeitadas e provocativas, e nese caso, ¿quen é o acosado? Lembremos que Manuel Fraga Iribarne creou o Servicio Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller. ¡Manda truco!

MAI

El  
go, c  
y el  
peset  
siden  
món  
tado  
María  
tín Fe  
Ran  
proce  
nion  
ma S.  
cero,  
nio a  
do Ma  
tor de  
tena 3  
directo



TECNICAS  
DE  
HIGIENE s.l

**KATIN**

El grupo finlandés  
a partir del 1  
EXCLUSIVO P  
KATRIN la empi  
TECNICAS DE I  
con domicilio en  
Rogamos que  
pedido o con

Oficina Central y Exposición:  
Pol. de Pocomaco, Nave E-30  
Telf.: (981) 10 39 76 - Fax: 10 30 63  
15190 LA CORUÑA

## O mellor premio

TAREIXA NAVAZA GONZÁLEZ

**A**LÓ polo pasado mes de maio, todos estabamos pendentes da decisión do xurado que ía concede-lo premio Príncipe de Asturias das Artes, a Isaac Díaz Pardo, proposto pola Deputación da Coruña. Naquelas datas Isaac amosou, unha vez máis, a súa elegancia cando manifestou estar conforme coa concesión do premio ó pintor Roberto Matta. Os amigos do fascinante e inconformista Isaac sabemos que nunca estivo de acordo cos premios; pero creo que hai un que lle gustaría por riba de tódalas cousas: recuperar para o patrimonio de Galicia o Seminario de Estudos Galegos. Isaac di que segue secuestrado. O Instituto Padre Sarmiento, herdeiro do vello Seminario, depende do Consello Superior de Investigacións Científicas, é dicir, de Madrid. Díaz Pardo que valora sobre tódalas cousas a moral, a lealdade e a ética, non se cansa de repetir, que en Galicia se están a facer homenaxes hipócritas, lóubase de xeito simbólico pero non se seguen as mensaxes das figuras de Galicia. Castelao morreu soñando coa restitución do Seminario e con esa idea volveron algúns do exilio, entre eles Isaac e Luis Seoane; pero atoparon só palabras e ós «culturalistas» que, por oportunismo, non conciben a cultura como instrumento de reivindicación da personalidade histórica de Galicia, máis ben ofrecen resistencia á mesma. O artista-empresario que lles dedicou o libro «Galicia hoy» ós que padeceron a historia por ama-la xustiza, a liberdade e maila solidariedade dos homes está contra dos que fan negocio a custa de Galicia. Díaz Pardo segue na tarefa de divulga-la historia da expoliación do Seminario ós trece anos da súa creación. Cando anos máis tarde, preténdese restablecer cos seus restos algo do que fora o Seminario, alguén prohíbe non só respecta-lo seu nome, senón que obriga a eliminar tódalas áreas de ciencias exactas e naturais, e as sociais, xurídicas e económicas. Nos últimos anos nin aquí nin en Madrid tiveron interese por restaurar algo auténtico en Galicia. Abondaría con ter vontade e conciencia de servir á nosa terra e non de defender, só, os privilexios dalgúns.

govia  
» las  
cismo

a Comisión Episcopala  
la Doctrina de la  
que muchos de  
que aparecen en  
ue han llamado la  
mo la lectura del  
son «doctrina de  
Recurrir y confiar  
oroscopos, dijo, es  
ontra la fé y con-  
Dios, que rige el  
, como muchas  
, ha sido siempre  
la Iglesia y debe  
lolo en el futuro».  
de las críticas,  
Palenzuela piensa  
doctrinal elabo-  
Vaticano y apro-  
Papa Juan Pablo  
o 26 de junio, «es  
, porque además  
la garantía de que  
oración han parti-  
s de personas».

ay pronto lo nuevo de

el punto de vista del  
la pluralidad del Es-  
pañol y el resurgimien-  
valores locales y re-  
son fenómenos com-  
con el proceso de  
ción de una Europa  
finales del siglo XX  
tiene definido su mapa

n reto cultural apunta-  
el ponente consistiría  
España integre su iden-  
esa nueva Europa, su-  
que no es óbice para  
municipio sea «el so-

porte físico de la actividad cul-  
tural».

El choque de competencias  
entre el ministerio, las autono-  
mías y los municipios genera  
una «tensión constante», cuya  
solución será uno de los temas  
a abordar en las jornadas. Solé  
Tura aseguró que el papel del  
ministerio consiste en «actuar  
como elemento de coordina-  
ción y colaboración» con los  
otros dos organismos, para lo  
que se pondrán en marcha con-  
venios bilaterales.

Advirtió el ministro el error

que supone fomentar «compe-  
tencias estériles» entre ciuda-  
des y «hacer coincidir la cultu-  
ra con grandes espectáculos,  
que sólo refuerzan el despilfa-  
rro». En su reflexión final,  
Solé Tura diseñó un plan cul-  
tural de coordinación entre  
municipios, que incluye el es-  
tablecimiento de circuitos de  
conciertos y exposiciones, pro-  
puesta que cuenta con el apoyo  
de la red de teatros municipa-  
les auspiciada desde el minis-  
terio, en la que se enmarca el  
coruñés Rosalía de Castro.

## beo 93 iana de vedra

ciudad a mediados  
de abril del próximo

los participantes  
netidos para estas  
de reflexión y deba-  
que destacar, entre  
Leonardo Boff, Mau-  
delier, Pedro Martí-  
ntávez, Reyes Mate,  
hao Rego y Andrés  
Queiruga. El Aula  
invitará al profeso-  
llego a participar en  
iana.

## Tolos maravillosos

TAREIXA NAVAZA GONZÁLEZ

**A** Historia está chea de «tolos» que fixeron que as nosas vidas melloraran, que intuiron o futuro, que se opuxeron ás normas da súa época, transgresores que non se dobregaron enfrontándose ó poder, que pensaron no benestar colectivo e non no proveito persoal. Foron uns adiantados da súa época, aldraxados polos seus enemigos para desacreditalos. Erasmo, Galileo, Leonardo da Vinci, Mozart, Sta. Teresa, San Juan de la Cruz, Goya, Julio Verne foron algúns destes tolos. O doutor Vallejo-Nájera fala de Maquiavelo como exemplo nido. Tachado de perverso e maligno foi, en realidade, ledo, bondadoso, honesto, fundador da Filosofía Política, poeta, músico, debuxante, estratega, como corresponde a un intelectual do Renacemento florentino. O Papa Clemente VII, que lle encargou e pagou o libro «Arte da Guerra», din que perdeu a súa, por non se molestar en lelo e non seguir ningún dos seus consellos. Fraga Iribarne advertiu ó pobo galego, a Galicia, para que non se volva «tola» e poña «un tolo» ó fronte do seu goberno, ó aludir ó deputado nacionalista X.M. Beiras. Albisco certa preocupación no presidente perante esa posibilidade e recoñezo a miña tristura cando escoito a palabra tolo dada a alguén como insulto. As mulleres non acadamos esa categoría. Estamos aínda na condición de histéricas.